

A TABOADENSE LUISA RUBINES EXPÓN FOTOS NA CASA DE GALICIA

Los árboles del buen camino', ese é o suxerente título dunha exposición fotográfica da lucense **Luisa Rubines**, que se amosa ata o próximo 1 de marzo en dúas salas da delegación da xunta de Galicia en Madrid.

Son un total de 35 instantáneas nas que as protagonistas absolutas son as árbores da Ribeira Sacra do Miño. É unha persoal ollada cara a

súa terra desta artista taboadense cuxa traxectoria profesional a ten levado a exponer en España, Alemaña e no Reino Unido, país este último no que se formou como fotógrafa.

Luisa estivo arroupada no acto de inauguración por máis dun cento de personas, entre elas o director da Casa de Galicia en Madrid, **José Ramón Ónega**.

